




**II Xornadas
Internacionais
de Educación
Ambiental
do CEIDA**

PROGRAMAS EDUCATIVOS

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



PLAN PROXECTA

- Establece un marco xeral de **coordinación e cooperación interinstitucional** para presentar todos os programas implicados dun xeito estruturado, integrando as distintas **iniciativas institucionais** da Xunta de Galicia **vinculadas coa educación**.
- 45 programas externos das seguintes consellerías:
 - Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (10)
 - Economía, Emprego e Industria (3)
 - Mar (1)
 - **Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (8)**
 - **Medio Rural (2)**
 - Política Social (7)
 - Presidencia da Xunta de Galicia (4)
 - Sanidade (5)
 - Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (5)

Liñas estratéxicas

- Desenvolvemento das 7 **competencias clave e das competencias transversais** como o pensamento crítico, a creatividade ou a capacidade de comunicar.
- Desenvolvemento dos **elementos transversais** (educación en valores, igualdade, a non discriminación, o respecto polos dereitos humanos, o espírito emprendedor, a seguridade viaria... e o que centra estas Xornadas, o **desenvolvemento sostible e o medio ambiente**).
- Utilización de **estratexias metodolóxicas comúns**, baseadas en dinámicas activas, cooperativas e interdisciplinarias.

PLAN PROXECTA

- Ofrece á comunidade educativa programas educativos de diferentes ámbitos para traballar as **competencias clave** nun marco de **innovación educativa**.
- Ofrece aos centros a posibilidade de **integrar dentro da planificación anual e das programacións didácticas** aqueles programas que mellor se adapten ás súas características específicas.
- Establece unhas pautas comúns en relación co **recoñecemento** do traballo do profesorado nestes proxectos (**certificación de innovación educativa e premios**).
- Crea unha rede de **traballo cooperativo e interdisciplinario** para transformar e mellorar a práctica educativa, e **transferir** eficazmente as iniciativas innovadoras nos **espazos web da Consellería**.

Datos da evolución de participación no Plan Proxecta

curso	programas educativo	centros	proxectos	profesorado	alumnado
2012-13	18	337	764	3699	59154
2013-14	25	433	871	5134	86128
2014-15	28	420	755	4359	71966
2015-16	40	418	849	5289	85286
2016-17	41	427	791	5306	90939
2017-18	45	515	911	5504	122 729

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

- Paisaxe e Sustentabilidade
- MeteoEscolas
- Protexe o teu medio
- Proxecto Terra
- Recíclate con Sogama
- Proxecto Ríos
- Protexe os animais
- Naturézate

Consellería do Medio Rural

- O monte vivo
- Liga de debate forestal

Ficha técnica dos programas

- Entidade organizadora
- Etapas educativas ás que vai dirixido
- Límite de centros participantes
- Temporización
- Criterios de selección ou exclusión
- Coordinador/responsable do programa
- Xustificación
- Obxectivos xerais e específicos
- Metodoloxía
- Actividades e recursos
- Criterios de avaliación

Programa	EI	EP	ESO	BACH	FP	Adultos	EE
Paisaxe e Sustentabilidade	X	X	X	X	X		
MeteoEscolas	X	X	X	X	X		X
Protexe o teu medio			X	X	X		
Proxecto Terra		X	X	X	X		
Recíclate con Sogama		X					
Proxecto Ríos	X	X	X	X	X	X	
Protexe os animais	X	X					
Naturézate		X	X	X			
O monte vivo		X	X				
Liga de debate forestal			3º e 4º	X	X		

Paisaxe e Sustentabilidade



Paisaxe e Sustentabilidade

Alumnado ao que vai dirixido: **infantil, primaria, ESO, bacharelato e FP**

Entidade: **Instituto de Estudos do Territorio**

- Pretende desenvolver a capacidade de comprensión e interpretación das **paisaxes** e dos territorios próximos nos que habita o alumnado.
- Proporciona ao alumnado e ao profesorado recursos para comprender e interpretar as paisaxes próximas identificando os seus **elementos constitutivos**, a **diversidade**, o **valor cultural e simbólico**, a importancia da preservación do territorio e da paisaxe para desenvolver unha **actitude responsable** no marco da sustentabilidade.
- As ferramentas das que se vale o alumnado para representar o espazo son a cartografía, a fotografía e o audiovisual.
- O profesorado implementa pequenos proxectos de estudo relacionando os coñecementos curriculares das diferentes materias para que sexa, na medida do posible, un **proxecto de centro**.

IES Urbano Lugrís (Malpica – A Coruña)

Meteoescolas



Meteoescolas

Alumnado ao que vai dirixido: **infantil, primaria, ESO, bacharelato , FP e educación especial**

Entidade: **MeteoGalia**

- O obxectivo xeral é mellorar as competencias do alumnado en temas medioambientais e das ciencias da Terra e promover a **investigación** na escola, mediante a **observación directa do tempo** no seu centro e a contorna, así como desenvolvendo diversas competencias de xeito **interdisciplinar**.
- Aprendizaxe baseada en proxectos.
- Xornada de **formación** voluntaria para o profesorado ao comezo do curso.

CPI Conde de Fenosa (Ares - A Coruña)

CEIP Plurilingüe de Frións (Ribeira - A Coruña)

CPI Aurelio Marcelino Rey García (Cuntis - Pontevedra)

CEIP Noalla-Telleiro (Sanxenxo – Pontevedra)

Protexe o teu medio



Protexe o teu medio

Alumnado ao que vai dirixido: **ESO, bacharelato e FP (especialmente ciclo formativo da familia Agraria)**

Entidade: **Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia**

- Obxectivo: coñecer mellor a calidade do aire e das augas, mediante a análise orgánica de auga, aire e solo.
- O alumnado recollerá datos de mostras ambientais que analizará no laboratorio do centro, mediante experimentos sinxelos, e comparará os datos coas medidas do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (**LMAG**) o que servirá para obter conclusións por parte do alumnado e do profesorado.
- Actividades ofertadas:
 - Formación inicial para o profesorado
 - Análise de mostras
 - Material didáctico
 - Visitas guiadas ao laboratorio
 - Estadías de prácticas profesionais

Exemplo: IES Moncho Valcarce (As Pontes – A Coruña)

Proxecto Terra



Proxecto Terra

Alumnado ao que vai dirixido: **infantil, primaria, ESO, bacharelato e FP**

Entidade: **Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia**

Obxectivos:

- Entender a importancia do **patrimonio construído** herdado.
- Tomar consciencia dos problemas básicos da **ocupación do territorio e da arquitectura** cunha **vision crítica e construtiva**.

Actividades adaptadas ao nivel educativo:

- Educación Infantil: a través de contos como “Sabela e as zocas máxicas”
- Primaria: espazos máis próximos ao alumnado (rúa, barrio ou parroquia) ata espazos máis afastados (cidade).
- Secundaria: arquitectura popular, contemporánea ou a identidade territorial
- **Actividades complementarias** como visitas guiadas ou intercambios territoriais.

CPI Castro Baxoi (Miño – A Coruña)

CPI Aurelio Marcelino Rey García (Cuntis – Pontevedra)

IES Maruxa Mallo (Ordes –A Coruña)

Recíclate con Sogama



Recíclate con Sogama

Alumnado ao que vai dirixido: **primaria**

Entidade: **Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA, S.A.)**

- Promove a **participación e implicación da comunidade educativa** na correcta xestión do lixo a través da práctica dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe)
- Pretende que o **alumnado** tome **conciencia da problemática** que, a día de hoxe, representa a elevada produción de lixo
- Proponse que o profesorado cree **conciencia ambiental** e lograr a implicación emocional dos **escolares** e das súas **familias**.
- Proporciona **materiais** aos centros: composteiro, illa de reciclaxe, vídeos, guías didácticas.
- Organiza **saídas extraescolares** ao complexo de Sogama.
- Convoca **premios** aos mellores proxectos.

CEIP A Guía (Moaña – Pontevedra)

CEP Plurilingüe de Riomaor (Vilaboa – Pontevedra)

Proxecto Ríos



Proxecto Ríos

Alumnado ao que vai dirixido: **infantil, primaria, ESO, bacharelato , FP e adultos**

Entidade: **Augas de Galicia e Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)**

Obxectivo:

- Involucrar á cidadanía na **conservación dos ecosistemas fluviais** a través do proxecto “Adopta un río”.

Ofrece:

- **Charlas divulgativas** aos grupos que inician a súa andaina no proxecto
- **Saídas formativas**: inspeccións guiadas no treito de río escollido polo grupo.
- **Cursos de formación** para fornecer coñecementos.
- **Encontros de voluntariado**: para compartir experiencias.
- **Cursos monográficos**: para facilitar o traballo dos coordinadores á hora de aplicar a metodoloxía do proxecto.

IES Primeiro de Marzo (Baiona - Pontevedra)

CEIP Illas Cíes (Vigo – Pontevedra)

Protexe os animais



Protexe os animais

Alumnado ao que vai dirixido: **infantil e primaria**
Entidade: **Dirección Xeral de Patrimonio Natural**

Obxectivo:

- concienciar a sociedade actual no **respeto e na protección dos animais domésticos**, asentar valores fundamentais na tenza responsable de mascotas e **análise crítica** dos actos e das condutas non desexadas, como o **abandono** e o **maltrato**.

Desenvólvese en dúas etapas:

- Iniciación: **Actividades e obradoiros** realizados nos centros escolares.
- Creación dun **traballo final** que pode optar a un **premio**.

CEIP de Cervo nº 1 (Cervo – Lugo): creación dunha protectora de animais

CEIP de Cervo nº 1 (Cervo – Lugo): recunchos adicados aos animais

Naturézate



Naturézate

Alumnado ao que vai dirixido: **primaria, ESO e bacharelato**

Entidade: **Dirección Xeral de Patrimonio Natural**

Obxectivo:

- introducir á infancia nos conceptos básicos: **parques naturais** e os **recursos naturais**.
- fomentar a súa **sensibilización** cara a natureza.
- potenciar a visión dos recursos naturais desde unha **perspectiva de negocio** dentro do marco dun **desenvolvemento sustentable**.


Presentan 4 tipos de actividades:

- **Internatura**: produto final en rede.
- **Maxia Natural**: composicións audiovisuais.
- **Voando no inverno**: ornitoloxía.
- **Natureza activa**: creación de posibles empresas en espazos protexidos galegos.

CPR Plurilingüe Andaina (Culleredo - A Coruña)

IES Eduardo Pondal (Ponteceso – A Coruña)

O monte vivo



O monte vivo

Alumnado ao que vai dirixido: **primaria e ESO**

Entidade: **Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais**

Obxectivo:

- fomentar a **participación activa e responsable** dos escolares na protección do medio natural fronte aos **incendios forestais**.
- **conciencialos** dos valores dos bosques e o seu uso sostible.

Proxecto **Monte sen lume** do IES Daviña Rey (Monforte de Lemos –Lugo)

[blog principal](#)

[Aplicación para o móvil](#)

Liga de debate forestal



Liga de debate forestal

Alumnado ao que vai dirixido: **3º e 4º da ESO, bacharelato e FP da familia forestal**

Entidade: **Servizo de Montes Veciñais en Man Común e Estruturas Forestais**

Obxectivo:

- Concienciar o alumnado na xestión dos montes, ampliando o coñecemento destes.

Estrutura:

- Formúlanse una serie de temas obxecto do debate.
- Presentan as bases do debate nas distintas fases: investigación, provincial, autonómica e conclusións.
- Ofrece apoio ap profesorado: sensibilizar e información inicial.

CONTRATOS-PROGRAMA

- Modalidade 2C: **Mellora das competencias clave en ciencia e tecnoloxía**

CPI Plurilingüe Cernadas de Castro (Lousame – A Coruña)

- Campaña de medio ambiente e reciclaxe no centro.
- Estudo do territorio en relación coa acción humana sobre o medio natural (estudo comparativo de mapas e fotografías -antigos e actuais- da evolución e cambios na ordenación do territorio no Concello.
- Realización de fotografías das distintas actividades económicas desenvoltas na contorna e reflexión sobre o impacto da acción humana e das minas de San Fins no Concello de Lousame sobre o medio.

- Modalidade 5: **Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia**

CEIP Arealonga (Vilagarcía de Arousa) e CPI Virxe da Cela (Monfero –A Coruña)

- Proxectos meteorolóxicos

IES A Sangriña

- A Arte como revitalizadora da paisaxe: obradorios interactivos con artistas próximos que traballan con elementos da natureza e a paisaxe.
- Microplásticos: a contaminación invisible.





MOITAS GRAZAS

planproxecta@edu.xunta.es